



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL
IES Manuel García Barros

Rúa da Cultura, s/n
36681 A Estrada (Pontevedra)
Tlf 886 152 100
ies.garcia.barros@edu.xunta.es
www.iesgarcia Barros.org



Estimados pais, nais e titores,

Con motivo da publicación da Orde do 10 de maio de 2023 pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria, educación secundaria obrigatoria e educación especial en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2023/24, no [DOG núm. 94 do 19 de maio de 2023](#), informámoslles das distintas axudas que se poden solicitar:

PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO: Alumnado que no ano académico 2023/24 se matricule en calquera curso da ESO, con independencia da renda per cápita da unidade familiar. A asignación se fará por orde inverso á renda per cápita da unidade familiar e ata esgotar existencias.

Están garantidos:

- 6 libros de texto para renda per cápita igual ou inferior a 6.000.-€.
- 4 libros de texto para renda per cápita igual ou inferior a 10.000.-€.

AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR: Todo o alumnado que curse no ano académico 2023/24 Educación Secundaria Obrigatoria:

- vale de 75.-€ para renda per cápita igual ou inferior a 6.000.-€.
- vale de 60.-€ para renda per cápita igual ou inferior a 10.000.-€.

Os pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado que desexe beneficiarse de ditas axudas deberá presentar solicitude debidamente cuberta no centro educativo, xunto cunha copia do libro de familia (se terá en conta a situación a 31 de decembro de 2021, se os datos actuais non coinciden cos do libro de familia deberá achegarse documentación xustificativa). No mesmo documento se solicitarán os libros e a axuda de material para todos os fillos escolarizados no centro.

O prazo para a presentación é ata o 21 de xuño.

Non se poderá solicitar en setembro.

DEVOLUCIÓN DOS LIBROS: É requisito para poder recibir libros do Fondo de Libros de Texto, devolver os libros procedentes do Fondo no curso 2022/23, durante o mes de xuño. A primeira semana de xuño informaremos como se levará a cabo a recollido este curso.

A Estrada, 22 de maio de 2023

A Secretaria

Obdulia García Nimo

